- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio.
- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.
- Utilización de estratexias de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía aplicada nas clases de segunda lingua estranxeira, guíaranse polos seguintes puntos:

As competencias clave.

Concíbese o proceso de adquisición da lingua francesa en estreita correlación coas competencias clave. Estas

competencias contribuen, de xeito fundamental, ao desenvolvemento integral do alumno, xa que cada unha delas representa un saber facer, un saber ser ou un saber estar que se adaptan a todos os contextos. Así, se son ben traballadas, van lle permitir ao alumno interactuar con éxito nunha sociedade cada vez máis complexa e variada.

Deste xeito, a metodoloxía didáctica dalle mais importancia á aprendizaxe que ao ensino, é dicir, á capacidade de cada alumno de adaptar a súa aprendizaxe ás súas propias necesidades. Traballar de maneira competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento e o alumnado adquire un maior grado de protagonismo.

As competencias clave non son independentes unhas das outras. Ao contrario, están ligadas. Algunhas das súas características compléanse, crúzanse e abordan perspectivas complementarias. Por este motivo, é polo que algúns aspectos esenciais dunha competencia poden necesitar doutra competencia ou poden axudar a desenvolvela.

Unha metodoloxía comunicativa, inclusiva e participativa.

Utilizarase unha metodoloxía didáctica que se organice en torno a obxectivos comunicativos que interesan e implican aos alumnos. Ao teren os obxectivos claros, saben o que queren dicir e dáselles os medios para que sepan como dicilo. Este plantexamento potencia a motivación dos alumnos que se sinten en todo momento protagonistas da súa aprendizaxe.

A metodoloxía persigue como obxectivo dotar aos alumnos dun conxunto de competencias orais e escritas que lles permitirán comunicarse na lingua francesa nos ámbitos propios da súa idade e dos seus intereses. Para acadalo, todas as situacións presentadas están contextualizadas de xeito que o alumno se identifique cos personaxes para converterse en actor da súa aprendizaxe.

Nalgúns aspectos da área, fundamentalmente naqueles que perseguen as habilidades de comunicación entre iguais e o desenvolvemento da expresión e comprensión oral, o traballo en grupo colaborativo achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e o enriquecemento persoal desde a diversidade, unha plataforma inmillorable para adestrar a competencia comunicativa.

A metodoloxía tamén presenta obxectivos lingüísticos e dalle os medios ao alumno para analizar e dilucidar o funcionamento da lingua estranxeira e para interiorizala.

Tense en conta a heteroxeneidade da clase e polo tanto os diferentes ritmos de aprendizaxe da lingua estranxeira ao presentar moitas actividades con diferentes niveis de dificultade que lle permiten ao profesor adaptalas ás necesidades da súa clase e dos seus alumnos, desta maneira aténdese á diversidade.

A metodoloxía basease na interacción comunicativa na aula, e caracterízase por:

- a claridade e a sinxeleza das explicacións e da estrutura das unidades didácticas.
- a introducción de xeito explícito dos obxectivos en cada unidade.
- o desenvolvemento progresivo e controlado das destrezas: escoitar, falar, ler, escribir, da gramática, do vocabulario e da fonética.
- A variedade de instrumentos para a avaliación e a autoavaliación do alumno: balances, tests, fichas, xogos...
- a versatilidade que permite realizar itinerarios diferentes para atender á diversidade de estilos e ritmos de aprendizaxe dos alumnos.
- un gran número de actividades de reforzo e de ampliación.
- a reciclaxe constante do que aprende o alumno.

A diversidade e a motivación.

Nesta metodoloxía, as intencións de comunicación estruturan o método de traballo. A vantaxe aportada pola utilización de necesidades comunicativas, ao comezo do proceso, supón para os alumnos que comezan a súa aprendizaxe non dependen de aprendizaxes anteriores, e a medida que o proceso avanza, utilízanse tamén os contidos traballados na clase. Deste xeito mantense a separación dos coñecementos que foron aprendidos e por outro lado, os alumnos danse conta de que o que aprenderon lles permite seguir aprendendo e así poder progresar.

A motivación dos alumnos ven dada polo enfoque da metodoloxía, xa que cando un alumno se da conta de que é capaz de aprender, quere seguir aprendendo.

Ofrécese a todos os alumnos a posibilidade de superarse posto que se teñen en conta aspectos cognitivos e afectivos que entran en xogo na aprendizaxe.

A metodoloxía, para os alumnos que xa tiveron contacto coa lingua estranxeira, ten en conta os coñecementos previos do alumnado, xa que estos lles van servir como esquemas sobre os que se vai construír e asentarse a aprendizaxe da lingua estranxeira. Para facilitar este proceso, inclúense contidos relacionados coa reflexión e o

contraste entre distintas linguas.

Tense en conta o principio de que, cando un alumno se da conta de que é capaz de aprender, quere seguir aprendendo. Deste xeito, ofrécese unha coidadosa secuenciación dos contidos para que o aprendido sexa utilizable posteriormente e, así, progresar na aprendizaxe.

Concédesse unha grande importancia á maneira de analizar a lingua estranxeira, xa que normalmente o alumno xa ten practicamente estruturada a súa lingua materna, polo tanto, a súa aprendizaxe pasa polo filtro do razoamento por comparación coa mesma.

O tratamento interdisciplinar.

Propónse a aprendizaxe da lingua francesa ao mesmo tempo que outras aprendizaxes para manter unha interrelación cos contidos doutras disciplinas ou materias, facilitando o traballo interdisciplinar.

- xeografía: mapas de Francia, planos, climas, etc.
- Lingua e literatura: poemas, refráns, etc.
- Civilización francesa: a escola, a familia, as festas, o lecer, os deportes, etc.
- Artes plásticas: pintura, debuxo, posters, etc.
- Ciencias da natureza: corpo humano, nutrición, animais, ecoloxía, etc.
- Tecnoloxía: transportes, Internet, etc.
- Música: cancións.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Manuais de texto
Material de elaboración propia
Documentos auténticos
Aula virtual
Páxinas web vinculadas ao FLE
Dicionarios en papel e en liña
Recursos dixitais (tradutores, conxugadores...)
Xogos de elaboración propia
Xogos comerciais aplicables á materia
Libros de exercicios de gramática, de vocabulario, de comunicación oral e escrita, etc
Probas tipo DELF e outras certificacións

- O manual de referencia empregado no centro será J'aime 4, da editorial Anaya/ CLE International. Servirá de folia de ruta, sen ser condición a realización de todas as tarefas.

- Completaranse as explicacións, tarefas de ampliación e/ou reforzo con material de elaboración propia, podendo así adaptalo aos requerimentos do grupo.

- Farase igualmente uso de documentos auténticos orais ou escritos, escollidos ad hoc por temática e nivel de dificultade lingüística. Concretamente, o uso deste tipo de material conecta o alumnado coa realidade cultural e

lingüística da materia e constitúe un elemento motivador en si mesmo, no que radica a súa valía.

- A aula virtual servirá de plataforma de referencia : explicacións, tarefas, fichas....

- Farase uso de páxinas web e aplicacións vinculadas ao FLE (ou non) como fonte de práctica (exercicios en liña), de lectura e información (prensa, redes sociais, etc.), de consulta (dicionarios, tradutores, conxugadores, etc), xogos e instrumentos de avaliación (Kahoot, Plickers, etc.).

- Empregarase na aula xogos elaborados expresamente para a práctica na aula, pensados para a adquisición dalgún contido, mais tamén usaranse aqueles xogos comerciais que poidan servir ao mesmo fin.

- Tamén se fará uso de diverso material pertencente ao departamento de francés que se pode encontrar na biblioteca ou no departamento (gramáticas, libros de exercicios, libros para traballar o vocabulario, libros de lectura, banda deseñada, etc.).

- Levaranse a cabo actividades e probas segundo modelos das probas de certificación do DELF scolaire da Alliance Française e das Escolas Oficias de Idiomas para avaliar o grado de consecución das diferentes destrezas. Permitirase deste xeito o diagnóstico de niveis e diferenzas entre as competencias e os perfís de aprendizaxe verase facilitado polo uso das numerosas ferramentas de avaliación.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A adopción de medidas de apoio educativo de carácter xeral ou específicas require dispoñer de información que permita o coñecemento do alumno/a e do grupo de alumnos/as con antelación á intervención educativa. A avaliación inicial avalía os coñecementos, os aspectos sociofamiliares, o funcionamento do grupo, o traballo individual, a fin de adecuar estratéxicamente o proceso de ensino-aprendizaxe.

A avaliación inicial debe realizarse no primeiro mes do curso:

1ª quincena: Obtención de datos

2ª quincena: Análise de datos e adopción de medidas de atención á diversidade .

Despois da avaliación inicial:

Á hora de establecer as medidas de atención á diversidade e inclusión habemos de recompilar, en primeiro lugar, diversa información sobre cada grupo de alumnos e alumnas; como mínimo, debe coñecerse a relativa a:

- O número de alumnos e alumnas.
- O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.
- As necesidades que se puidesen identificar; cómpre pensar nesta fase en como se poden abordar (planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais.
- Os desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.
- Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar os alumnos e as alumnas para os traballos cooperativos.
- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar a nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

Necesidades individuais:

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes. A partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (débase ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).
- Saber as medidas organizativas a adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares a adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que

interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor.

Procedementos e instrumentos empregados para a avaliación inicial do alumnado:

Para recabar a información e avaliar os coñecementos, os aspectos sociofamiliares, o funcionamento do grupo e o traballo individual do alumnado empréganse os procedementos e os instrumentos de avaliación seguintes:

- A observación do alumno/a na aula.
- A ficha do alumno/a cos seus datos persoais e académicos.
- Exercicios e tarefas diversas realizadas polo alumno/a na aula.
- Os traballos individuais realizados na clase ou na casa.
- Os traballos en parellas ou en grupo realizados na clase ou na casa.
- O caderno de clase do alumno/a.
- O diario de clase do profesor/a.
- Os datos obtidos do profesor da materia no curso anterior.
- Entrevista co alumno/a (nalgún caso).
- Entrevista co titor/a (nalgún caso).
- Informe do titor/a (nalgún caso).
- Entrevista co Orientador/a (nalgún caso).
- Recollida de datos na sesión de avaliación inicial a partir das aportacións dos demais profesores/as, titor/a e orientador/a.

A observación sistemática e a análise dos datos recollidos configurarán a avaliación inicial de cada alumno/a nos primeiros días de clase nos que se producirá un repaso de aprendizaxes esenciais.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	16	16	16	16	16	10	100
Proba escrita	80	80	80	80	80	80	80	80
Táboa de indicadores	20	20	20	20	20	20	20	20

Criterios de cualificación:

A avaliación do proceso de aprendizaxe será continua, formativa e integradora.

Considérase a avaliación de forma integradora e referida ao proceso de ensino-aprendizaxe. Por outra parte, contéplase as dúas funcións da avaliación pedagóxica: a función formativa, que considera o proceso de ensino e aprendizaxe na súa globalidade, e a función sumativa, que comproba de maneira puntual o grao de consecución das aprendizaxes traballadas ao final dun período máis ou menos longo de ensino e aprendizaxe, pero sempre desde unha perspectiva formativa.

Esta avaliación formativa tamén terá carácter orientador para proporcionar a información necesaria para a detección das dificultades e avances que o alumno vai tendo na realización das actividades propostas, co fin de axustar a axuda pedagóxica con actividades de reforzo ou de ampliación para a continuación satisfactoria da súa formación.

A avaliación continua inclúe as avaliacións inicial, formativa e sumativa, facilitando o desenvolvemento progresivo do grao de consecución das aprendizaxes e das competencias clave.

Ao principio do proceso de aprendizaxe realizarase a avaliación inicial.

Convén comprobar cales son as habilidades e as actitudes que ten o alumnado. Así, comprobouse que aínda que o alumnado sexa principiante en francés, non o é na súa lingua materna nin necesariamente noutra lingua estranxeira, polo tanto, ten xa un grao diferente de desenvolvemento lóxico formal e certa bagaxe cultural.

Ao inicio do curso comprobaranse os coñecementos previos do alumnado de cada grupo mediante a avaliación inicial que pode consistir en probas tipo test, probas orais, análise das actividades de repaso de comezo de curso, etc. Os resultados teranse en conta para coñecer e adecuar o nivel de partida do proceso de ensino-aprendizaxe á realidade de cada grupo. Polo tanto, non afectará ás cualificacións do alumnado.

Ao longo do proceso de aprendizaxe realizarase a avaliación formativa.

Convén controlar o progreso das aprendizaxes do alumnado para determinar os logros e as carencias, identificar as causas das súas dificultades e poñer en marcha as medidas de apoio. Ao longo do curso o alumnado estará informado do seu progreso mediante a corrección das distintas probas escritas e orais previstas, interacción na aula, corrección do caderno de clase e das distintas actividades que se vaian realizando. Unha vez ao trimestre, informarase aos pais/nais/titores e ao alumnado dos progresos deste no proceso de aprendizaxe a través da cualificación da avaliación.

Despois dun período máis ou menos longo de aprendizaxe realizarase a avaliación sumativa.

Ao remate do curso convén obter un balance para comprobar o grao de adquisición por parte do alumnado das aprendizaxes programadas.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Os procedementos que se poderán empregar para avaliar o progreso do alumnado no proceso de aprendizaxe son os seguintes:

- Probas escritas e probas orais
- Observación sistemática.
- Producións dos/as alumnos/as tanto escritas como orais:
 - Traballos individuais realizados na clase ou na casa (fichas, cuestionarios, exercicios orais e escritos, redaccións, resúmenes, lectura en voz alta, audicións, exposicións orais, etc).
 - Traballos en parellas ou en grupo realizados na clase ou na casa (debates, exposicións, representacións, etc).
- Lectura dalgún libro ou documento acompañado de actividades orais ou escritas.
- Caderno de clase e caderniño de actividades dos/as alumnos/as.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os documentos nos que se recollen os resultados da observación sistemática e dos demais procedementos de avaliación que nos permiten facer o seguimento do proceso de aprendizaxe do alumno serán os seguintes:

- As producións dos alumnos tanto orais como escritas.
- As probas orais e escritas
- Os traballos dos/as alumnos/as
- O caderno de clase e o caderniño de actividades.
- O caderno do profesor no que se recollen os resultados da observación sistemática diaria na aula, das probas escritas e orais e das producións dos alumnos.
- Taboas de indicadores que recollen a valoración da realización de fichas, cuestionarios, exercicios orais e escritos, redaccións, resúmenes, lectura en voz alta, audicións, exposicións orais, etc.

Engádesse a aplicación destes procedementos e instrumentos a calquera tarefa, actividade, proba, etc... realizada a través da aula virtual.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DO ALUMNADO:

1. Criterios para determinar as cualificacións trimestrais.

Debido ás características propias da materia, ao tratarse esta dunha lingua, gran parte das aprendizaxes presentan unha progresividade no seu desenvolvemento ao longo dos tres trimestres (o alumno vai adquirindo, a medida que transcurre o curso, un maior nivel de desempeño no uso da lingua). Polo tanto estamos diante de aprendizaxes transversais no senso de que poden aparecer recollidas en todos os trimestres e ser avaliadas en todos os trimestres. Aínda que non aparezan recollidos explícitamente nun trimestre ao ter en conta o carácter progresivo das aprendizaxes, o alumnado pode ser avaliado de calquera das aprendizaxes que se ensinaran nos trimestres anteriores. Así mesmo e para poder manter unha progresión real, poderanse repasar e avaliar contidos vinculados as aprendizaxes que xa se ensinaran con anterioridade se se perciben carencias na aprendizaxe do alumnado que impidan dita progresión. De aí que no apartado 3.1. desta programación Relación de unidades didácticas aparezan as palabras seguintes nas unidades 2 a 7: "utilizando as aprendizaxes relativas á comunicación, ao vocabulario, á gramática, á fonética, etc. presentes nesta unidade e as que foran vistas con anterioridade e que lle sexan necesarias".

Como se pode observar no apartado 3.2. desta programación Distribución do currículo nas unidades didácticas, as Probas escritas van supoñer o 80% da cualificación trimestral e a Taboa de Indicadores o 20%. Estas porcentaxes mantéñense en todas as unidades didácticas polo que teñen o mesmo peso na nota final da materia.

Para determinar as cualificacións trimestrais na materia teranse en conta os criterios de avaliación e os mínimos de consecución que figuran no punto 3.2 desta programación, para cada unha das UD.

a) Levaranse a cabo probas e tarefas de orde diverso que permitan avaliar o grao de adquisición dos diferentes obxectivos e contidos nas cinco destreza: comprensión e expresión oral e escrita, e mediación.

Entre as probas, proporanse probas escritas e orais de comprensión e expresión, tanto oral como escrita, e mediación, probas de adquisición de léxico e conxugación, probas de pronuncia, etc.

Entre as tarefas, proporase a realización e exposición de traballos monográficos, dramatizacións, interacción, etc, nos que se valorarán diversos aspectos dependentes da unidade didáctica na que se encaixen que serán previamente definidos.

b) As probas e tarefas valoraranse de 0 a 10 puntos, tendo unha ponderación diferente dentro da unidade didáctica segundo as súas particularidades. A ponderación será anunciada ao alumnado antes da súa realización.

c) Elaborarase unha táboa de indicadores que permita avaliar o grao de adquisición dos diferentes obxectivos seguindo os criterios de avaliación marcados no punto 3.2 desta programación.

Para encher esta táboa de indicadores recurrirase á observación directa na aula e á "trace écrite".

d) A cualificación de cada unidade didáctica ou de parte dunha desta obterase da suma das cualificacións ponderadas das probas e tarefas realizadas en cada unidade.

e) A cualificación trimestral obterase da media aritmética das cualificacións obtidas nas unidades didácticas ou partes destas traballadas en cada trimestre.

A detección de que un alumno copiou en calquera proba, tarefa ou actividade, suporá a cualificación negativa (nota 0) desta. En caso de que sexan copiadas doutro compañeiro, de Internet ou outro canal de información ou o alumno estea utilizando calquera método para copiar, a proba, tarefa ou actividade quedará cualificada coa nota 0.

2. Cualificación da avaliación

Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de "insuficiente" (IN) para as cualificacións negativas, e "suficiente" (SU), "ben" (BE), "notable" (NT) ou "sobresaliente" (SB) para as cualificacións positivas. A estes termos achegaráselles, con carácter informativo, unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:

Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.

Suficiente: 5

Ben: 6

Notable: 7 ou 8.

Sobresaliente: 9 ou 10

O redondeo farase á alza á unidade inmediatamente superior, sempre que se cumpran os seguintes requisitos (todos):

- A décima da nota real da cualificación trimestral deberá ser igual ou superior a 5.
- Sempre que non se teñan 3 ou máis faltas de deberes ou de traballo en clase acumuladas no trimestre.
- Ter entregado todas as tarefas e actividades requiridas en cada trimestre.

Deste xeito, sempre que se cumpran os requisitos anteriormente mencionados (todos), a unha cualificación trimestral de 4,5 correspóndelle 5 na cualificación da avaliación; a unha cualificación trimestral de 4,4 correspóndelle 4 na cualificación da avaliación.

3. Cualificación da avaliación final ordinaria.

Para calcular a nota da materia na avaliación final ordinaria, farase unha media aritmética das cualificacións obtidas nos tres trimestres (é dicir, sen o redondeo) e o redondeo efectuarase nesa nota.

Criterios de recuperación:

Probas de recuperación.

O alumnado con algunha ou algunhas das partes da materia non superada poderá prodeder á súa recuperación ao longo do curso.

O sistema para a recuperación das partes non superadas será o seguinte:

- Ao alumnado con algunha das partes da materia non superada, efectuaráselle unha proba por cada unha das partes non superadas para a súa recuperación.
- Os resultados obtidos nestas probas substitúen os que se obtiveran nos exames das partes non superadas.

As probas de recuperación terán lugar despois de efectuar os exames dos distintos trimestres.

Para calcular a nota da materia recuperada, farase unha media aritmética das cualificacións obtidas nos tres trimestres (é dicir, sen o redondeo) e tendo en conta as notas obtidas nas probas de recuperación.

A materia considerarase superada cando, despois de efectuado, no seu caso, o redondeo, se obteña unha puntuación, igual ou superior a 5.

6. Medidas de atención á diversidade

Enténdese atención á diversidade como o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

En consonancia coas medidas que a lexislación prevé que o equipo directivo, o profesorado titor e os servizos de orientación deben observar, como profesorado específico da materia de segunda lingua estranxeira cómpre levar a cabo estas outras:

- a) A colaboración co profesorado titor e coa xefatura do Departamento de Orientación na planificación e no desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e de aprendizaxe.
- b) A utilización de estratexias metodolóxicas promotoras da inclusión, da solidariedade, do traballo en equipo, do respecto á diferenza e da convivencia de todo o alumnado, informando ao profesorado titor sobre o desenvolvemento persoal, social e educativo do alumnado que atende.
- c) A consideración dos principios do deseño universal de aprendizaxe na atención educativa.
- d) A participación nas estratexias de coordinación entre o equipo docente, baixo a dirección do profesorado titor.

As medidas de atención á diversidade (MAD) deben ter un carácter preventivo e compensador. A primeira delas será a avaliación inicial, que constitúe un factor preventivo por excelencia na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Esa avaliación ten como principais finalidades adaptar as ensinanzas á alumna ou ao alumno e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe. Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan.

Segundo o perfil do alumnado, a atención á diversidade concretarase coas seguintes medidas:

- a) O alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso.

Porase en marcha un plan específico personalizado co fin de adaptar as condicións curriculares ás necesidades do alumnado, para tratar de superar as dificultades detectadas. Este plan elaborarao o equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

O plan específico personalizado incluírá a identificación da alumna ou do alumno, a relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso, as medidas ordinarias aplicadas no curso anterior, as estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento, os recursos necesarios para o desenvolvemento do plan e, de ser o caso, a oferta de medidas extraordinarias. As familias serán informadas deste plan, podendo acreditálo.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

b) O alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Por tratarse dunha segunda lingua estranxeira, é altamente probable que o alumnado cun retraso madurativo, con trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación fose proposto para unha exención nos dous primeiros cursos da ESO. Porén, é probable atopármolos con alumnado con trastornos de atención ou de aprendizaxe (TDAH, TDA, TEA, DEA etc.). Adoptáranse as seguintes medidas:

- Colocación do alumno/a cerca da mesa do profesor.
- Especial atención ao alumno/a durante as explicacións e a realización de tarefas.
- Especial atención a utilización da axenda por parte do alumno/a.
- Valoración do seu esforzo e traballo diario.
- Aumento do tempo para a realización das probas se é necesario.
- Claridade dos exames nos enunciados e na estrutura.

c) O alumnado con necesidades educativas especiais.

Na medida en que este alumnado, que afronta barreiras que limitan o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conducta, da comunicación e da linguaxe, escollen cursar esta segunda lingua estranxeira, poranse en marcha apoios e atencións educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

- A lexislación prevé que as Administracións educativas doten este alumnado do apoio preciso desde o momento da súa escolarización ou da detección da súa necesidade, polo que, DE SER O CASO sempre que faciliten, estes recursos poranse á disposición do alumnado.
- Impartíranse as clases de maneira que o alumnado con algunha discapacidade física poida acceder aos materiais, explicacións, tarefas, instrumentos de avaliación de xeito normalizado, sen que a súa discapacidade supoña un impedimento. (Ex. material visual e tarefas escritas para o alumnado con problemas de audición, material manipulativo e sonoro para o alumnado con problemas de visión, naturalmente co apoio da Fundación Once, material adaptado dixitalmente para o alumnado con problemas motrices e dificultades para a escrita, etc.)
- Implicarase o alumnado con necesidades derivadas de trastornos graves da comunicación e da linguaxe nas mesmas tarefas que o resto do grupo aínda que con distintos niveis de apoio e esixencia, favorecendo así a súa integración no grupo.
- Proporase o intercambio de saberes cos iguais mediante traballo cooperativo e organizado.

d) O alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa e/ou cultural

Cando se presenten desigualdades derivadas de factores sociais e familiares, de violencia de xénero, económicos, culturais, xeográficos, étnicos ou doutra índole, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e os propios centros docentes deberán asegurar a eliminación das barreiras, evitando a segregación deste alumnado no propio centro docente.

- De ser preciso, proporcionaráselle, nalgúns casos en calidade de préstamo, o material, funxible ou non, que requira para seguir con normalidade o discorrer das clases (ex. libros de texto, material funxible, fotocopias a custe cero, dispositivos e mesmo conexión a Internet).

- De ser preciso, ofrecerásenlle explicacións e material adicional que poidan contribuír a reducir ou facer desaparecer as desigualdades en orixe.
- De ser preciso, xestionarase a participación deste alumnado nas actividades complementarias e extraescolares que o Departamento organice.
- Na medida do posible, porase en valor transversalmente a orixe xeográfica, étnica ou cultural deste alumnado.
- Na medida do posible, evidenciaranse transversalmente os aspectos en común entre este alumnado e o resto do grupo de referencia (ex. idade, lugar de residencia, gustos musicais, etc.), favorecendo a integración e cohesión do grupo.
- Farase un seguimento estreito da asistencia, rendemento, hixiene, alimentación, etc. deste alumnado, informando rigurosamente ao profesorado titor.

e) O alumnado con altas capacidades intelectuais.

Este alumnado caracterízase por un potencial elevado nalgunha ou nalgunhas áreas do desempeño humano, en comparación cun grupo de referencia. Adoita ter un alto nivel de creatividade e persistencia nas tarefas de alta complexidade intelectual ligadas ás súas áreas de interese. Cómpre, por tanto, identificalas.

- Adaptaranse as explicacións e os materiais, aportando complexidade e profundidade na medida en que sexan adquiridos.
- Propóranse actividades similares ás do grupo de referencia, aínda que cun grao de complexidade ou extensión superior, atendendo as demandas de carácter máis profundo do alumnado con niveis de partida máis avanzados ou cun interese maior sobre o tema estudado, evitando así a desmotivación.
- Evitaranse as tarefas repetitivas, que adoitan incidir negativamente no nivel de motivación, promovendo as que medren en complexidade e sexan variadas en temática e soporte.
- Na medida do posible, integraranse as áreas de interese deste alumnado na temática dos materiais e proxectos.
- Propórase o intercambio de saberes cos iguais mediante traballo cooperativo e organizado.
- Propóráselle tarefas de ampliación que apelen á creatividade.

f) O alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo.

Este alumnado adoita presentar dificultades para acadar os obxectivos e as competencias que lle corresponderían pola súa idade. Esas dificultades maniféstanse, especialmente, no descoñecemento dalgunha das linguas oficiais de Galicia e/ou no desfacemento curricular.

É moi posible que este alumnado xa fose proposto para unha exención da segunda lingua estranxeira nos dous primeiros cursos da ESO. De non ser así, pode ser necesario aplicar algunha das MAD relacionadas a continuación:

- Adaptar os materiais e as explicacións, aportando máis das usuais para así paliar as carencias que poidan existir e reducir as distancias co grupo de referencia.
- Sempre que sexa posible, levar a cabo actividades con material manipulativo, con soporte audiovisual e dixital.
- Situar estratéxicamente este alumnado na aula, co fin de poder supervisar facilmente os seus progresos e procurarlle certo apoio dos iguais.
- Adoptar un traballo en espiral, retomando o contido non adquirido inicialmente en momentos posteriores.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Dereitos da infancia			X	X			X
ET.2 - Igualdade de xénero e coeducación	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Aprendizaxe reflexiva, significativa e competencial personalizada	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación para o desenvolvemento sostible		X			X		

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.5 - Educación para a saúde, tamén emocional e sexual			X		X	X	X
ET.6 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Comunicación audiovisual			X		X		X
ET.9 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Emprendemento social e empresarial				X	X	X	
ET.11 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X

Observacións:

A materia, a través das actividades e dos temas tratados nas unidades didácticas que se desenvolven en cada curso, presenta diversos elementos transversais. Dentro destes, ao ser a materia unha lingua, a comprensión oral e escrita así como a expresión oral e escrita trabállanse ao longo de todo o curso escolar.

Por outro banda, durante a interacción dos/as alumnos/as na aula entre eles e tamén co/a profesor/a soe xurdir a miúdo algún destes elementos transversais que se tratarán durante todo o curso e en todas as unidades:

- A educación emocional e en valores.
- A igualdade de xénero.
- O respecto mutuo e cooperación entre iguais.
- A prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- O rexeitamento dos comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Club de lectura	Dende a Biblioteca propóñense varios clubs de lectura. Proporanse lecturas de autoras/es francófonas/os e/ou en francés.	X	X	X
Actividades de fomento da lectura e a escritura	O departamento insta ao alumnado a participar na actividades de fomento da lectura e da escritura organizadas pola biblioteca do noso centro escolar, como o club de prensa ou o concurso de lectura en voz alta.	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Actividades, exposicións, certames ou actos culturais	O Departamento de Francés está disposto a organizar a asistencia do alumnado a todo tipo de actividades, exposicións, certames ou actos culturais que poidan ter relación co estudo da lingua estranxeira e que teñan lugar durante o curso académico.	X	X	X
Xogos, exposicións, actividades e concursos	O Departamento manterase atento ás distintas convocatorias de xogos, exposicións, actividades e concursos promocionados por distintos organismos para a promoción das linguas estranxeiras.	X	X	X
Certificacións oficiais - DELF SCOLAIRE	No marco do Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Embaixada de Francia, o Departamento informará e colaborará co alumnado interesado en presentarse aos exames para obter certificacións oficiais como o DELF Scolaire da Alliance Française. O Departamento orientará o alumnado para que poida presentarse ás probas de certificación do DELF scolaire B1. Isto proporcionaralle ao alumnado un título oficial a nivel europeo dentro do MEQR que certifica os seus coñecementos de lingua francesa	X	X	X
Canción, poema, representación, etc. plurilingüe	Preparación e interpretación dunha canción plurilingüe en francés e noutras linguas nalgúns dos festivais públicos ou outras actuacións escolares..	X	X	X
Visualización por parte do alumnado dalgún programa televisivo, dalgunha películas na lingua estranxeira.	A visualización dalgún programa televisivo, de publicidade, de documentais ou de películas tamén se considera importante, xa que proporciona ao alumnado unha visión máis próxima e auténtica da lingua estranxeira.	X	X	X

Observacións:

O departamento realiza diversas actividades complementarias ao longo do curso escolar. O seu número e duración pode variar segundo se estea ou non a desenvolver a programación didáctica con respecto á temporalización prevista.

Algunhas actividades encádranse dentro do Proxecto Lector de Centro e do Plan Anual de Lectura. Procúrase o fomento da lectura a través da súa vertente de educación informacional, xa que se produce unha busca de información e un uso crítico da mesma. Aproveítanse algúns dos temas tratados nas unidades do libro de clase para buscar máis información na lingua estranxeira sobre eles en Internet, como por exemplo a gastronomía, o colexio, os deportes e a saúde, etc, sobre personaxes, acontecementos históricos ou sobre lugares.

Tamén dentro do plan de fomento da lectura, ademáis da lectura en voz alta para mellorar a pronunciación dos alumnos, dentro do propio método aparecen diversos textos curtos, poesías, trabalinguas, etc. Ademais a profesora anima ao alumnado a participar no club de lectura, e en todas as actividades da biblioteca.

Os xogos e as cancións na lingua estranxeira así como a visualización dalgún programa televisivo, de publicidade ou de películas tamén se consideran importantes.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación do deseño das unidades didácticas a partir dos elementos do currículo.
Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas.
O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
Adecuación da secuenciación dos CA para cada unha das unidades.
Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada CA.
Asignación a cada CA do peso correspondente na cualificación.
Vinculación de cada CA a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.
Asociación de cada CA cos elementos transversais a desenvolver.
Grao de desenvolvemento das actividades complementarias previstas.
Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.
Grao de integración da competencia dixital no desenvolvemento da materia.
Metodoloxía empregada
Resultados de avaliación.
Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado.
Adecuación da proba de avaliación inicial.
Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dunha proba e dunha avaliación.
Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.
Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.
Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes.
Adecuación de probas e taboa de indicadores, tendo en conta o valor de cada CA.
Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Adecuación da secuencia de traballo na aula.
Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
Adecuación do libro de texto.

Medidas de atención á diversidade
Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados ás CA.
Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
Clima de traballo na aula
Nivel de satisfacción do alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.
Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación e instrumentos.

Descrición:

No artigo 33, do capítulo III do Decreto 86/2015, de 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na comunidade autónoma de Galicia sinalase que o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o que se establecerán indicadores de logro nas programacións didácticas.

Neste sentido, e aplicando o recollido no artigo 77.2 d) do Decreto 324/1996 de 26 de xuño no que se sinala que a Comisión de Coordinación Pedagóxica terá [...] a competencia de establecer as directrices xerais para a elaboración das programacións didácticas dos departamentos, a Comisión Pedagóxica celebrada o día 07/09/2023 no IES Espiñeira, estableceu a necesidade de incorporar ás programacións didácticas de todo o centro unha ferramenta de avaliación dos procesos de ensino e a súa propia práctica docente.

Polo tanto establécese como mecanismo común a todo instituto, e polo tanto tamén para esta programación didáctica, a elaboración de enquisas de avaliación da práctica docente que serán contestadas de xeito anónimo polo alumnado. Establécese 2 enquisas:

- Enquisa Preliminar de Novembro: o obxectivo desta enquisa é detectar posibles desviacións e problemáticas que non son manifestadas polo estudantes durante as sesións por diversos motivos pero que si poden ser máis facilmente detectables nunha enquisa anónima na que existe un maior ambiente de confianza. A temporalización desta enquisa, xa en novembro, ten a intención de que as desviacións poidan ser detectadas a tempo para a súa corrección no propio curso académico.

- Enquisa de Maio/xuño (pode ser abril para 2º de bacharelato): a enquisa que terá un deseño similar a de novembro terá por obxectivo unha vez desenvolvida a práctica totalidade do curso, coñecer o grao de satisfacción do alumnado e estudar a súa opinión sobre que aspectos positivos se deben potenciar e que aspectos negativos se deben corrixir, para de cara ao deseño da programación didáctica do vindeiro curso facer os axustes necesarios para que o desenvolvemento da actividade docente sexa máis eficiente.

As enquisas poderán facerse a través de medios telemáticos ou físicos. O departamento de Francés optou por colgalas na Aula Virtual nos cursos dos diversos grupos.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

REUNIÓN DE DEPARTAMENTO

Cunha periodicidade mensual, o Departamento reunirse para, entre outros asuntos, facer o seguimento e as coordinacións oportunas para levar a cabo a aplicación da programación. Levantarase acta.

PROENS

O profesorado fará o seguimento da programación a través da aplicación Proens. Como xa se fixo para a elaboración desta programación, en reunión de Departamento fixarase que docente se encargará de facer o seguimento na aplicación para cada nivel.

Ao remate de cada UD deixarase constancia das datas de inicio e remate previstas inicialmente, así como do número de sesións empregadas para o seu desenvolvemento, do grao de cumprimento, dos resultados, das propostas de mellora e, de haberlas, das variacións que tivesen lugar.

AVALIACIÓN

Na memoria de final de curso deixarase constancia dos seguintes puntos:

- a) Desvíos entre a programación inicial e a súa aplicación final, facendo propostas de reajustes.
- b) Resultados por trimestre. Analizaranse as hipóteses sobre os motivos dos mellores e peores resultados. De ser relevante, poderanse contrastar co número de sesións adicadas.
- c) Resultados das enquisas realizadas para avaliar a práctica docente. Analizaranse os aspectos mellor puntuados, buscando exténdelos, así como os que obteñan peor puntuación, co fin de mellorar de cara ao seguinte ano académico. De ser relevante, tomaranse acordos sobre metodoloxía, temporalización, recursos, etc.

9. Outros apartados